

MOCIÓN SOBRE UNHA ESPECIAL CONSIDERACIÓN DO RURAL NA REGULARIZACIÓN CATASTRAL QUE PROMOVE O GOBERNO CENTRAL

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego, co seu presidente e a conselleira do Medio Rural á cabeza, vén traballando co obxectivo de asegurar a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenvolvan a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. O sector primario é sector básico da nosa economía. Dentro da defensa e protección das persoas que teñen na agricultura e na gandaría o seu medio de vida, cómpre, que desde o Goberno central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Neste senso, na sesión plenaria do 16 de marzo de 2016 do Parlamento galego foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.


Polo tanto, dada a situación do sector primario, tan importante na economía do municipio e da comarca de Santiago de Compostela, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno do Concello a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

O Concello de Santiago de Compostela, seguindo o acordo unánime acadado na sesión plenaria do Parlamento de Galicia do 16 de marzo de 2016, insta ao Goberno galego a:

Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda que estas estean sen uso polo cese da dita actividade.

Segundo.- Trasladarlle ao Ministerio de Facenda a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.




Do mesmo xeito que se aprobe unha modificación potestativa no IBI do 95% para as construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Terceiro.- Que se establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten, en relación ás súas competencias normativas no IBI e as repercusións que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

Carto.- Dirixirse ao Goberno central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2016



Agustín Hernández.
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.